



**PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN/UNHA XERENTE  
PARA O CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DE A CORUÑA**

**ANEXO III**

**PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO IDIOMA INGLÉS**

Conforme o disposto na base 6.k da presente convocatoria, o coñecemento do idioma inglés acreditarase mediante título acreditativo de posuír o coñecemento do Idioma Inglés de nivel B2, Avanzado, Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, (MCERL), ou título equivalente, ou superior, debidamente homologado polo órgano competente oficial. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditálo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel.

Esta proba consistirá na tradución dun texto escrito en lingua inglesa ao galego ou castelán, que terá unha extensión máxima dun folio A4 por ambos lados, en letra tipo, times new roman, tamaño 12, e no mantemento dunha conversa de cada candidato co examinador/a titulado sobre temática relacionada coas funcións do posto de traballo a desempeñar e que terá una duración máxima de 10 minutos.

A proba a que se refiren as bases será cualificada como apta ou non apta, sendo necesario obter a cualificación de aptitude tanto na fase escrita como na fase oral. No caso de ser non apta/o, o/a candidato/a quedará excluído/a.

Feitos públicos os resultados na páxina web do Consorcio de Turismo e Congresos e comunicados os/as candidatos/as, o Tribunal Cualificador concederá un prazo de dous (2) días hábiles dende a publicación, para a formulación de reclamacións por parte dos/as aspirantes.

Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, o Tribunal Cualificador publicará ao día seguinte o resultado definitivo, e continuará ca proceso selectivo.